

**PROPOSTA DE PREGO DE CONDICIÓN TÉCNICAS PARA PARA A  
CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DO DESEÑO E  
SUBMINISTRO DE MOBILIARIO URBANO PARA O ÁMBITO DO PLAN ESPECIAL  
DE PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DA CIDADE HISTÓRICA DE SANTIAGO DE  
COMPOSTELA (PE-1)**

*"O luxo do espazo público e dos equipamentos colectivos non é dilapidación, é xustiza. Os programas públicos de vivenda, infraestrutura e servizos deben incorporar a dimensión estética como proba de calidade urbana e de recoñecemento cívico. Canto máis contido social ten un proxecto urbano, máis importantes son a forma, o deseño, a calidade dos materiais... A estética do espazo público é ética. "[Borja, 2003, p. 125.]*

### **OBXECTO DO CONCURSO**

O obxecto do contrato será a realización de **Deseño e subministro de mobiliario urbano para o ámbito do Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica de Santiago de Compostela (PE-1).**

Isto é, trátase de contar cunha serie de elementos de mobiliario urbano deseñados *ex profeso* para a Cidade Histórica de Santiago de Compostela que poderán ser instalados con posterioridade de forma paulatina en todo o ámbito.

Considérase "mobiliario urbano" todo elemento urbano complementario, situado na vía pública ou en espazos públicos, de uso público e con propósito de facilitar as necesidades da cidadanía (peóns), mellorar a súa calidade de vida e fomentar o uso adecuado deses espazos públicos, así de servir de apoio á infraestrutura e ao equipamento urbano, formando parte da imaxe da cidade.


O mobiliario urbano é indispensable no espazo público xa que está constituído por elementos que ditan como debe funcionar un espazo público e o xeito en que estea deseñado pode xerar unha exitosa convivencia entre cidadáns así como mellorar a imaxe urbana da cidade.

### **PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN**

O procedemento que se seguirá será o procedemento aberto, de deseño e subministro de mobiliario urbano.

### **PREZO E CONSIGNACIÓN ORZAMENTARIA**

O prezo da contrata de compra de mobiliario urbano ascenderá a 50.999,00 €,



## CONCELLO DE SANTIAGO

IVE incluído.

A aplicación orzamentaria é a 130/33601/62500

### DESCRICIÓN DOS TRABALLOS

Os traballos obxecto do concurso inclúen o deseño de varios elementos de mobiliario urbano para colocar en todo o ámbito da Cidade Histórica de Santiago de Compostela (PE-1).

Preténdese, polo tanto, o deseño de polo menos unha unidade de cada un dos seguintes elementos, distribuídos por categorías:

Bancos  
Asentos  
Papeleiras  
Valos de pechamento ou delimitación  
Xardineiras  
Morróns  
Protectores de alcouves  
Aparca-bicicletas  
Varandas

As características principais de todos os elementos serán as seguintes:

- Adaptaranse ao especial ámbito no que se van situar, cumprindo coa condición de imperceptibilidade. Débese complementar e apoiar a actividade que se desexa realizar, sen interferir na diversidade de actividades e obxectos que se ofrecen no espazo público.
- Integración non incorporación.
- O mobiliario debe ser universal, é dicir, ser apto para responder a todos os usuarios, sen excepción de ningún.
- Austeridade no rigor dos materiais e na simplicidade das formas. O deseño debe ser capaz de facer tanxibles as características culturais do espazo.
- Terán o mínimo mantemento e no posible realizaranse con materiais reciclables ou reciclados. Deberá sinalarse as condicións de mantemento e o grao de protección dos materiais ante a humidade, os raios UV e as posibles pintadas.
- Se dispoñen dalgún elemento de vidro, este será temperado ou de seguridade.
- Deberán de deseñarse e valorarse con todo o necesario para a súa colocación, a excepción da obra civil que requiran.
- En todos os elementos se preverá o espazo necesario para incorporar como mínimo o logotipo elixido polo Concello.

### MATERIAIS, CORES E ACABADOS



## CONCELLO DE SANTIAGO

Os materiais, cores e acabados visibles do mobiliario atoparanse de xeito recorrente no ámbito e terán presenza histórica manifesta.

Os elementos cuxo rematado sexa pintado, en calquera das súas variedades, axustarán ás cores indicadas neste documento.

**Madeiras:** Con carácter xeral, deberanse usar madeiras en tons medios, nin as cores claras, nin as excesivamente escuras, coa súa veta natural. Non será aceptable o uso de paneis do tipo DM ou aglomerado, salvo como recheo non visible doutro material. As madeiras deberán proceder de explotacións xestionadas ambientalmente, polo que deberán estar certificadas por FSC ou PEFC.

**Téxtiles:** Aínda que polas súas características os materiais téxtiles non se consideran axeitados para o seu emprego en mobiliario urbano de conservación pública, en caso de seren utilizados circunstancialmente, só se admitirán materiais con características adecuadas ao uso en tons lisos e mates, nunha gama terrosa. Non se admitirán estampados, nin fortes contrastes ou combinacións de cores.

**Pedras naturais:** As pedras que se poderán utilizar deberán ter presenza histórica manifesta no ámbito, como é o caso do granito, tradicionalmente usado na cidade, en acabados mates. Quedarán prohibidas, con carácter xeral, aquelas que tradicionalmente non foron empregadas.

**Metais:** O metal terá o tratamento histórico do ámbito polo que se poderán empregar tanto fundicións de ferro como aluminio ou aceiro. A cor do acabado sempre será mate, satinada ou con efecto oxirón granallado, admitíndose como cores o aluminio branco (RAL 9006), gris aluminio (RAL 9007), negro forxa (asimilable a gris grafito RAL 7024), branco perla (RAL 1013-previsto para estruturas de gran tamaño), gris lousa (RAL 7015), gris basalto (RAL 7012) e verde Santiago. O aluminio só se aceptará lacado nas cores e tons antes descritos. Poderán admitirse elementos con pequenas partes en bronce, cobre ou latón pulido. Naquelas pezas sometidas a rozamento, admitirase o aceiro inoxidable en rematado mate. Non se permitirán rematados de tipo galvanizado, salvo en elementos estritamente funcionais, nin tampouco cromados, dourados, en aluminio ou titanio, salvo en pequenas pezas que non supoñan unha superficie maior do 5% do elemento.

**Vidro:** Con carácter xeral, non se admitirán vidros. En casos extraordinarios empregarase en acabados transparente, mate ou esmerilado, aínda que preferentemente en cor branca ou tonalidades verdosas ou agrisadas, e só nunha destas opcións en cada peza. En todo caso serán vidros de seguridade ou temperados.

**Plásticos:** Con carácter xeral, non se admitirán plásticos.

## ASPECTOS QUE DEBERÁN TER EN CONTA OS CONCURSANTES



## CONCELLO DE SANTIAGO

Para a elección da proposta valoraranse a calidade do deseño e as súas posibilidades de execución, para o que se establecen os seguintes criterios:

- Orixinalidade do deseño, calidade e funcionalidade do mobiliario, axeitado ao establecido neste prego de condicións técnicas.
- Que sexa mobiliario ergonómico, entendendo por tal aquel que polas súas formas favorece o benestar integral do usuario.
- Medidas de ecodeseño, como o poden ser o respecto ao medioambiente, a sostibilidade e a integración do mobiliario no medio en que se vai implantar, a proximidade da procedencia dos materiais e da fabricación
  - De empregar madeira no mobiliario, a súa procedencia de bosques de xestión legal e sostible.
  - A proximidade dos produtos empregados para o mobiliario proposto ao seu lugar de produción, transporte e colocación.
  - A elaboración parcial ou total a partir de materiais reciclados ou renovables (como a madeira).
  - A non utilización de substancias perigosas clasificadas como carcinógenas, tóxicas para a produción, mutaxénicas, alerxénicas por inhalación ou perigosas para o medio nos produtos empregados para o revestimento de superficies.
  - A garantía da posibilidade de separar e reciclar os materiais e as pezas do mobiliario.

### OUTRAS CONDICIÓNS DO CONTRATO

-Para facilitar a instalación, o contratista gañador editará un catálogo-guía dos elementos e das condicións de preparación do lugar en que se vaian colocar, que será distribuído entre os organismos e particulares que poidan realizar actuacións de implantación.

-O gañador deberá garantir o mantemento dos prezos propostos no seu proxecto durante un mínimo de cinco anos, tanto para o elemento como para os posibles recambios. Estes prezos só poderán aumentarse por aplicación do IPC ou por razóns excepcionais que se deberán xustificar.

-O Concello de Santiago de Compostela poderá solicitar ao adxudicatario as modificacións que considere oportunas do deseño seleccionado.

-Todos os participantes, asumen a obriga de permitir a exposición pública das propostas que eventualmente se puidese realizar, se ben se atenderá ao indicado no sobre de identificación sobre o anonimato en caso de non resultaren elixidos.

Santiago de Compostela, a 28-02-2014

O Director de área

D. José Ángel Oreiro Romar

